



MEMORIA DA “ANDAINA DOS TÚNELES DE CULLEREDO 2023”

Andaina o día 24 de setembro do 2023, en Orro - Culleredo

Proba de 25 km. da I Liga Xunta de Galicia de Sendeirismo da FGM, así como na Liga Ibérica da FEDME.

Esta proba está Organizada polo Club Agrupación Deportiva e Tempo Libre A Pedrosa coa colaboración do Concello de Culleredo.

Consta da proba de 25 km (26 km) e outras populares, unha de 16 km e outra de 8 km, esta última para facela con nenos e nenas e familias co obxectivo de fomentar esta práctica entre a xente nova.

As andainas de 26 e 16 km darán comezo ás 9:00 horas, sendo o punto de saída a boca do túnel que está debaixo do noso local (teremos que acceder a el por escaleiras e en fila de a un). Estas dúas andainas terán un tramo de 12,4 km. compartido, así como tamén compartirán camiños e vía coa de 8 km., no tramo comprendido entre o km 9,5 e o km 13.

A de 8 km. terá a saída ás 10:00. A entrega de dorsais para esta andaina será desde as 8:45 ata as 9:45, a saída será diante do local desta Agrupación Deportiva.

A entrega de dorsais das outras dúas, será a partires das 7:45 ata as 8:45, seguidamente darase unha charla de benvida ás andainas e explicarse algunha dificultade que se poden atopar nos percorridos.

Os percorridos están sinalizados con puntos de cores nas árbores, pedras ou postes, ademais en puntos complicados teremos estacas con frechas indicativas da dirección correcta.

A andaina de 25 km terá puntos de cor **laranja**.

Na de 16 serán de cor **amarelos**.

E na de 8 serán **azuis**.

Esta proba terá a saída e meta no local de A.D.T.L. A Pedrosa, na localidade de Orro (Concello de Culleredo), case toda a totalidade da ruta percorre montes do Concello de Culleredo, pasando un par de km polo Concello veciño de Arteixo.

Nas probas será **obligatorio levar lanterna ou frontal (non será válida a luz do tlf. móvil)**, pois teremos que pasar por túneles da antiga vía do tren.

Nestas andainas teremos: tres avituallamentos de líquidos e sólidos na ruta de 25 km, dous na de 16 km, e un na de 8 km, ademais dos avituallamentos teremos CAFÉ E BOLLERÍA antes do comezo das rutas, e ao remate destas teremos un xantar coa especialidade desta Agrupación, que será un POLO PICANTÓN á brasa e patacas en cachelos, (haberá menú vexetariano), así como festa baixo a nosa carpa permanente.

Ao remate das andainas teremos vestiarios con duchas no noso local, non sendo moi grandes, polo que teremos que esperar a nosa quenda con paciencia e amenizándoa coa festa que faremos tanto no local como na carpa adxunta a este.

Durante as andainas teremos que camiñar por estradas con pouca circulación de coches, nestes puntos estará a Policía Local, Protección Civil ou Voluntarios da Organización, todo supervisado e coordinado co Concello e Policía Local.